

## PINGAS DE CRISTAL

María Canosa

*Todo está no mar*

**T**odo está no mar. Todo o que nós sabemos e o que descoñecemos.

Os peixes e as súas escamas, incluso aqueles que non sabemos como son, feos coma cornos, agochados nas profundidades. Tamén os bidóns cheos de produtos radioactivos que diriximos ás fosas abisais.

Todo o azul e os seus tons, dende o verde ao gris, están no mar. A gama de cores que abranguen os nosos ollos.

A liña do horizonte tamén está aí. E o sopor que miro dende lonxe desexando que non remate nunca.

A calor dos trópicos, e o frío húmido que se che mete nos ósos á última hora da tarde, subida á chalana pescando luras.

As bágoas todas que ninguén ve tamén van alí, porque no mar ten cabida todo, a vida e a morte, a partes practicamente iguais.

No mar está aínda o corpo dun dos náufragos do *Santa Ana*. Tamén o golfinho que chegou a Foz despois do temporal, desorientado, e que axiña atopará novo rumbo dentro das rúas invisibles que trazan as ondas.

No mar están reflectidas todas as estrelas da noite, puntos de luz que parece que non se moven, comparados cos destellos dos avións, titilando e deseñando autopistas polo ceo. Pode que agora agoche o avión malasio, ese mesmo do que non se sabe absolutamente nada. Hipóteses a dúcias, mentres pode que a solución só a saiba o mar.

No mar tamén está o pan. Pan e peixes, coma no milagre. Pero neste caso, con cerco. Un moi duro e complicado, por iso custa atopar un acordo, porque se xoga co alimento de moitas familias. E porque Madrid non ten mar, e dende alí, é difícil entendela.

## EN BLANCO

Cristina de la Vega

*El Instagram del corazón*

**Y**o no sé si a ustedes les pasa, pero yo capturo momentos de felicidad, como si de una Polaroid de las de antes se tratara, tal cual la que me regalaron por mi primera comunión.

Los capto, los guardo, los atesoro en la caja fuerte de mi corazón.

Cuando la vida me aturde, los saco, los sacudo, los acaricio, aunque estén, no los voy a engañar, como esas fotos descoloridas. Pero no importa, el color se lo pongo yo.

Si todavía no lo han hecho, les invito a que lo hagan, porque la felicidad sorprende en un instante, en cualquier momento, en cualquier rincón de la vida, ese pequeño gran instante en que todo encaja.

Párense en seco, guárdenlo, resérvenlo incluso, y luego, cualquier día que la vida se ponga terca y se empeñe en aplastarle con sus obligaciones, desempólvenlos, denle color si les hace falta, pero vuelvan a disfrutar con todo el sabor que tuvieron y que queda para siempre en cada uno de nosotros, de ustedes. Porque la vida da regalos, pero a cierta edad ya debe saber que no da tantos como para no abrirlos.

Cuiden y atesoren el Instagram de su corazón, que es el que vale.

## FIRMA INVITADA

*La máquina de Sydney***José C. Tubío**

Investigador del Wellcome Trust Sanger Institute de Cambridge

Una vez tuve la ocasión de tomar un café con Sydney Brenner, premio Nobel de Medicina y uno de los tres científicos que más contribuyeron al desarrollo de la Biología molecular en el siglo XX. Nunca olvidaré la sorpresa que me llevó cuando abrió la puerta de su domicilio en Ely —Inglaterra— y nos recibió, a un colega y a mí, en zapatillas y bata de andar por casa.

Durante nuestra conversación, Sydney nos reveló su particular visión del futuro: «Un día entrarás al supermercado, y allí será muy común encontrarse una máquina de ADN. Meterás el dedo en dicha máquina y te extraerá una diminuta muestra de sangre, a partir de la cual obtendrá tu perfil genético en cuestión de segundos. Si en tu ADN hubiera algo novedoso, obtendrías un premio en metálico».

Durante mi vuelta a Cambridge, en el tren, no pude evitar recordar aquella película titulada *Gattaca* sobre una sociedad del futuro en la cual los avances tecnológicos en el ámbito de la genética regían la vida de todos los habitantes. La película nos cuenta la historia de un chico que, al nacer, le dicen a sus padres que, por sus rasgos genéticos, ten-

dría muchas posibilidades de sufrir una enfermedad cardiovascular.

En *Gattaca* las personas eran catalogadas en aptos y no aptos desde su nacimiento para desempeñar determinados trabajos, de acuerdo con sus respectivos perfiles genéticos. Dejando a un lado, por el momento, las cuestiones éticas subyacentes a esta historia, una sociedad así requeriría una máquina como la que describía Sydney; una máquina capaz de obtener y analizar el ADN de las personas en cuestión de segundos, y tan común que te la podrías encontrar hasta en un supermercado. Me preguntaba entonces cuán lejos estamos de convertirnos en la sociedad de *Gattaca*.

El junio del año 2000, Bill Clinton presentaba al mundo la secuencia del genoma humano. Si no lo sabe, le diré que un genoma comprende el ADN de una célula, y que el ADN es la molécula que porta nuestra información genética. Entonces, la secuenciación del genoma humano se equiparaba al hito de haber pisado la Luna, pero al poco tiempo surgieron voces de científicos desconcertados por el poco impacto que dicho logro estaba teniendo. Se empezaba a pensar que las expectativas del proyecto habían sido sobreestimadas. La secuenciación del primer genoma humano había tardado 13 años en conseguirse, y tu-

vo el coste astronómico de tres mil millones de dólares. James Watson, que 50 años atrás había descubierto la estructura del ADN, llegó a decir que, aunque estaba orgulloso de los resultados del proyecto Genoma Humano, este no cambiaría decisivamente la medicina hasta que la secuenciación de genomas personales fuera muy barata.

Catorce años después, el desarrollo de las tecnologías de secuenciación nos ha llevado a disponer de máquinas que permiten secuenciar el genoma de una persona en cuestión de horas y por menos de mil euros. En manos de los científicos, esta tecnología nos está permitiendo avanzar más rápido que nunca en nuestra lucha contra enfermedades como el cáncer o el Alzheimer. En manos de aseguradoras y bancos, la información de nuestros genes puede ser empleada para clasificarnos en aptos y no aptos de cara a concedernos un seguro médico o una hipoteca. Parece, pues, que cada vez nos parecemos más a *Gattaca*.

Una curiosidad más: actualmente existen prototipos de máquinas que permiten secuenciar un genoma en minutos, que podrían venderse por menos de cien euros, y tan pequeñas que caben en una mano. ¿Será esta la máquina de la que me hablaba Sydney?

TRIBUNA **Maica Bouza Seoane** Secretaria de Empleo de CC.OO.*Facendo contas coa formación para o emprego*

**N**o ano 2012, último do que se dispón de datos desagregados, destináronse 2.154 millóns euros á formación para o emprego (1.890 procedían da cota de formación profesional, 100 do FSE e 164 do Estado). Primeira observación: a formación profesional para o emprego non se financia con fondos públicos, senón maioritariamente (88 %) cos recursos achegados pola empresas (0,6 % das bases de cotización) e polos seus traballadores e traballadoras (0,1 % destas bases). Dos 2.154 millóns, o Instituto Nacional das Administracións Públicas xestionou 61; a Fundación Tripartita, 808; as autonomías executan 746; o programa Prepara, 525 e o SEPE, 4.

Segunda observación: a Fundación Tripartita (en cuxo padroado participan CC.OO., UGT, CIG, CEOE, Cepyme... e o Estado a través do SEPE) xestionou só un 36 % dos recursos. Dos 808 millóns xestionados pola Tripartita, o 70 % van directamente ás empresas. O resto xestionábase mediante convocatorias públicas nas que rexen os principios de concorrencia, transparencia, obxectividade e igualdade. No 2012, CC.OO. xestionou no ámbito

estatal uns 27 millóns de euros, isto é, só o 1,2 % dos recursos.

Terceira observación: os grandes beneficiados polos recursos da formación son os alumnos e alumnas dos cursos, mentres que os sindicatos somos simples xestores de subvencións finalistas. Os recursos para a formación han superar os controis —internos e externos— da Inspección de Traballo, do Servizo Público de Empleo, da Administración Xeral do Estado, das autonomías, dos tribunais de contas e dos tribunais de Xustiza.

Cuarta observación: os recursos da formación para o emprego non se gastan de xeito discrecional e están fortemente inspeccionados.

Unha vez acoutado quen é quen na formación para o emprego, cómpre dicir que en CC.OO. traballamos por un novo modelo de formación para o emprego que garanta o dereito individual á formación tanto para atopar traballo como para desenvolver unha carreira profesional. Un modelo en que convivan as competencias das diferentes Administracións, no que cooperen as áreas de educación e emprego e no que existan sistemas integrados de información e orientación. En definitiva, un

esquema que supere a formación xeneralista, que só persegue a bonificación da cota de formación por parte das empresas e non mellorar a cualificación dos traballadores e traballadoras. Débese evitar que a representación legal dos traballadores e traballadoras nin sequera sexa informada, polo que ha estar vinculada á negociación colectiva, con participación das organizacións sindicais, empresariais e as Administracións, para resultar eficaz, eficiente, transparente e avaliable, capaz de adaptar a formación aos cambios que se produzan.

As organizacións sindicais somos e debemos ser parte do modelo, porque os recursos con que se financia esta formación proceden das empresas e dos traballadores e traballadoras.

Por iso, CC.OO. non vai renunciar a participar no goberno da formación que se realiza con eses recursos, polo que reivindicamos a nosa presenza activa na planificación, xestión, impartición ou avaliación permanente. Apostamos por un novo acordo no ámbito da formación para o emprego que xere un marco estable e garanta o dereito individual á formación.